



**ceesg**  
colexio de educadoras e  
educadores sociais de galicia

Rúa Lisboa, 20 – baixo  
15707 Santiago de Compostela  
A Coruña

T 981 552 206 | F 981938274  
ceesg@ceesg.org  
www.ceesg.org

## ETT'S SOCIAIS, ENTIDADES PÚBLICAS E PRECARIIDADE LABORAL

Queridas/os compañeiras/os, gustaríame aproveitar este medio de información e difusión para denunciar unha práctica cada vez máis estendida no noso sector, e que considero non se está denunciando por parte deste colexio de maneira insistente como se debería de facer. O tema ao que me refiro é o das condicións dos contratos aos/ás educadores/as sociais por parte de empresas privadas para a realización de servizos externos e puntuais para concellos.

Quero tratar este tema porque considero primeiramente que o Ceesg, do que valoro o seu esforzo, o está desatendendo e se encamiña máis a temas, por chamalo dalgunha maneira, “elitistas”, como é o da búsqueda do recoñecemento da categoría de educador/a social no convenio único da Xunta de Galicia, que sendo un tema de interese, non toca o día a día da maioría de nós (dos/as que non nos podemos permitir, ou non queremos traballar para a administración). Ademais, parece que o propio Colexio está a informarnos no último boletín de que non temos moitas esperanzas, polo menos a curto prazo.

Sen embargo, si que se pode comezar a atallar un grave problema que está diariamente a afectarlle a moitos/as de nós: a precariedade laboral nas empresas privadas nas que traballamos, promovida polas entidades públicas que as subcontratan. Estas entidades públicas, están a esixir a titulación de Educación Social, sen embargo, non reclaman que o persoal sexa contratado como tal, o que provoca que se recorra a contratos de inferior categoría. Non debería de ser a entidade pública a primeira en propoñer unhas condicións de traballo de calidade? Se queremos profesionais cualificados/as debemos de esixir para estes unhas condicións laborais dignas.

Pero este é un só dos moitos problemas que se están atopando estes/as “educadores/as externos/as”, outros son: a intermitencia do tempo de contratación, a disparidade absoluta de contidos e temáticas dos proxectos, a infravaloración dos tempos de preparación de materiais e de coordinación (nalgúns casos só se remuneran os tempos de intervención). Nas nóminas, atopámonos con conceptos como transporte,

paga extra proporcional prorrateada e demais, que fan que nos inflen a nómina ata que descubrimos que o salario base chega a ser 2/3 do salario -tema a ter en consideración dado que é moi común estar contratado por proxectos (rara vez a xornada completa) que non duran máis de varios meses, sendo o INEM unha institución de visita habitual-. Non deberíamos deixar xa de falar de amor á profesión e esixir unhas condicións dignas? Creo que ademais de amor á profesión, como calquera traballador/a de calquera traballo do mundo, traballamos por cartos, porque é a gasolina coa que nos movemos todos e todas. Entón, por que estes abusos cos/as profesionais deste sector?

Estas condicións de incertidume laboral están á orde do día e, entre outras cuestións, fanlle a un cuestionar se é rendable estar colexiado. Penso que coa cota de cada un de nós o Colexio debería ter a independencia suficiente como para poder ir detrás dos concellos e demais institucións públicas, para esixir uns servizos de calidade, cuns traballadores/as dignamente remunerados/as.

Preferiría que esta acción fose máis alá de ler os boletíns oficiais e esixir que os postos públicos que se ofertan sexan de calidade. E se damos un paso máis?, e se damos un xiro de 180° e plantexamos o traballo do Colexio a partir dos/as educadores/as e non a partir das institucións? Deixo esta última reflexión como proposta para comezar a dignificar esta profesión. Moitas grazas polo espazo e espero que provoque algún tipo de reacción.

Educador social, número de colexiado: 3434

**Nota do Ceesg:** Sobre este tema abrimos un foro no Portal web, no que continuar o debate, aclarar termos e responsabilidades, xa que o Colexio, como ben sabedes, ten “competencias limitadas” en cuestións laborais.

Así mesmo, iniciamos un proceso de traballo conxunto con sindicatos e outros colexios profesionais, que tivo como primeira actuación o *Espazo dialoga*, no que perfilamos posibles accións encamiñadas a dignificar as profesións do social, e do que damos conta no anexo deste

## ACTUACIÓN REALIZADA

- Asistencia ao *I Encontro de Benestar Profesional e Calidade de Vida Persoal dos/las Profesionais da Educación Social*, que tivo lugar en Palma de Mallorca do 8 ao 10 de outubro de 2009. No marco desta actividade, o día 10 de outubro participamos na Asemblea Xeral Extraordinaria do Consejo General de Colegios Oficiales de Educadoras y Educadores Sociales. Asistiron Alberto Fernández de Sanmamed, Vogal do CEESG e Presidente do CGCEES e Sofía Riveiro, Vogal do CEESG.
- Constitución do Equipo de Traballo para a elaboración do Plan Estratéxico do CEESG, tal como se acordou na Asemblea Xeral Ordinaria 2009, que se reuniu por vez primeira o día 9 de outubro. O Equipo estará coordinado por Carlos Varela, Vogal do CEESG. No próximo boletín informaremos máis pormenorizadamente do Plan Estratéxico.
- Desenvolvemento do *Espazo Dialoga*, organizado conxuntamente polos Colexios de Traballo Social, Psicoloxía e Educación Social. Tivo lugar o día 16 de outubro en Santiago de Compostela, asistindo varios representantes do CEESG.
- Designación de M<sup>a</sup> José Fernández como representante do CEESG no Comité Cívico do Plan Municipal de Civismo do Concello de Ourense.
- Asistencia á presentación do Libro *O alzheimer e outras demencias en Galicia*, que tivo lugar en Santiago de Compostela o día 21 de outubro. Asistiron Paloma Seijo, Vogal do CEESG e unha das autoras do libro, e Sofía Riveiro, Vogal do CEESG.
- Apoio á iniciativa da *Marcha Mundial pola Paz e a Non violencia*. O CEESG atópase entre as entidades participantes na convocatoria do acto que se celebrou o día 25 de outubro en Santiago de Compostela tras a lectura dun Manifesto.
- Participación na reunión do Subcomité Galego para a organización do *Foro Mundial da Educación 2010* que tivo lugar o día 28 de outubro en Santiago de Compostela.
- Reunión con D. José Graña, Subdirector Xeral de Ordenación Educativa (Consellería de Educación), na que lle presentamos a proposta do CEESG sobre a incorporación de Educadoras/es sociais no ámbito escolar. Tivo lugar o día 29 de outubro e asistiron M<sup>a</sup> José Fernández, M<sup>a</sup> José Caride e Montse Sánchez: Presidenta, Vogal e traballadora do CEESG respectivamente.

## ARTIGO DE INTERESE: FRASES CELEBRES PARA O NOVO LOCAL

O Ceesg ten novo local, situado na zona de Área Central (Rúa Lisboa). Coñécelo? En breves, todos e todas seremos convidadas á inauguración do novo espazo de traballo, que quere ser punto d e encontro e de relación entre colexiadas/os.

Pero para chegar a ese momento, con todo preparado, queremos contar coa vosa visión e impresión, para que, entre todas/os, poidamos sentirnos partícipes e protagonistas dun lugar común e á vez propio.

É propio porque foi comprado, polo que vai ser durante moitos anos o noso lugar de referencia. Sendo así, ocorréusenos poñer frases célebres que nos definan e identifiquen -que nos gusten- por algunha das paredes, e o logo e imaxe do Ceesg como elemento xeral e visible. Polo tanto, requirimos do voso enxeño e imaxinación para propoñer esas citas, frases, comentarios... e seleccionar as máis representativas da profesión. Abriremos un foro na web e daremos de prazo o mes de novembro de 2009. Tamén se poden enviar propostas por correo-e Para 2010 comezar con novos aires, novos tempos, novo local.

**Colexio de Educadoras e Educadores Sociais de Galicia**

## FORMACIÓN CONTINUA

### UN COIDADADOR, DÚAS VIDAS

**Organiza:** Asociación de Familiares de Alzheimer de Lugo (AFALU).

**Datas:** 20, 21, 27 e 28 de novembro.

**Lugar:** Lugo

**Información e inscricións:** AFALU.

Tlf. 982 210381

### MEDIACIÓN XUVENIL EN EDUCACIÓN AFECTIVO-SEXUAL E PREVENCIÓN DA TRANSMISIÓN DO VIH-SIDA

**Organiza:** Consello da Xuventude de Galicia (CXG)

**Datas:** Do 16 ao 20 de novembro.

**Lugar:** Santiago de Compostela. Escola Galega de Administración Pública (EGAP)

**Información e inscricións:** CXG.

Tlf. 981 569 560 / info@cxg.org

### I XORNADAS GALEGAS DE TRASTORNOS DE PERSONALIDADE

**Organiza:** Asociación TP Galicia.

**Datas:** 3, 4 e 5 de decembro.

**Lugar:** A Coruña (Auditorio do Centro Social e de Negocios de Caixa Nova)

**Información e inscricións:** TP Galicia.

www.tpgalicia.org / tpgalicia@yahoo.es

Tlf. 981943503 / 639215630

### XESTIÓN DE PROXECTOS

**Organiza:** Fundación Luis Vives.

**Datas e Lugares:** Pontevedra: 10 a 12 de novembro. Ourense: 24 a 26 de novembro. Lugo: 1 a 3 de decembro. Santiago: 15 a 17 de decembro.

**Información e inscricións:** Fundación Luis Vives.

www.fundacionluisvives.org

## NOVAS DOS BOLETÍNS

### EMPREGO

**Concello de Cambre:** Oferta de emprego público correspondente ao ano 2009. Un posto de educador/a social. DOG 27/10/09

**Concello de Redondela (Pontevedra):** Oferta de emprego público. Un posto de técnico muller. BOP 26/10/09

**Concello de Vila de cruces:** Resolución referente á convocatoria para prover unha praza. Un posto de Técnico de Cultura. BOE 24/10/09. Bases publicadas en BOP de Pontevedra de 16/09/09.

### OUTROS

**Ministerio de Sanidade e Política Social:** Orde pola que se establecen as bases reguladoras para a concesión do premio Reina Sofía, de promoción da inserción laboral de persoas con discapacidade. BOE 2/10/09

**Ministerio de Sanidade e Política Social:** Orde pola que se convoca a concesión de axudas económicas a corporacións locais para o desenvolvemento de programas de prevención das drogodependencias, con cargo ao Fondo de bens decomisados por tráfico de drogas e outros delitos relacionados, en aplicación da Lei 17/2003, de 29 de maio. BOE 6/10/09

**Consellería de Traballo e Benestar:** Orde pola que se aproban as bases que rexerán a convocatoria de bolsas para a realización de prácticas nos centros de atención a menores dependentes da Consellería de Traballo e Benestar. DOG 15/10/09

**Ministerio de Educación:** Orde pola que se convoca a concesión de subvencións a Asociacións Xuvenís e a Federacións e Confederacións de estudantes universitarios. BOE 16/10/09

**Ministerio de Educación:** Resolución pola que se convocan bolsas de formación en observación e deseño de cualificacións profesionais, en documentación e lexislación educativa e en tecnoloxías da información e comunicación, a desenvolver en Unidades dependentes da Dirección Xeral de Formación Profesional. BOE 17/10/09

**Ministerio de Traballo e Inmigración:** Resolución pola que se convoca a concesión de subvencións para a realización de programas específicos de formación e inserción laboral a favor de xoves desempregados en situación ou con risco de exclusión social. BOE 23/10/09

**Consellería de Traballo e Benestar:** Orde pola que se establecen as bases reguladoras do programa de apoio ás iniciativas emprendedoras promovidas por persoas traballadoras que esgotasen as súas prestacións por desemprego, cofinanciado polo Fondo Social Europeo, e se procede á súa convocatoria para o ano 2009. DOG 23/10/09

**Ministerio de Educación:** Resolución pola que se convocan subvencións a Corporacións Locais para a realización de actividades no marco da educación de persoas adultas. BOE 30/10/09

## OUTRAS CONVOCATORIAS

### BOLSAS LEONARDO DA VINCI

Existen diversas convocatorias de **Bolsas Leonardo da Vinci** para mozos/as profesionais ou titulados recentes, entre as que se encontran as seguintes:

#### Proxecto *Concilia Vibo*

- Destino: Vibo Valentia (Italia).
- Prazo de solicitudes: ata cubrir prazas.

#### Proxecto *Egat II*

- Destino: Ausburg (Alemania).
- Prazo de solicitudes: 23 de Novembro.

#### Información e inscricións:

Integra Consultoría  
Tlf.: 981260365 / 981005194  
www.integra.org.es  
ldv@integra.org

**Inclúen:** Formación lingüística, aloxamento 12 semanas, seguro de RC e cobertura laboral, axuda a manutención e ao viaxe de ida e volta, soporte organizacional en España e no estranxeiro.

## Espazo Dialoga

A Área de Comunicación e Participación Colexial do Ceesg tiña contemplada entre as accións para o 2009 o primeiro Espazo dialoga entre colexios profesionais, ao que pretendemos dotar de continuidade, abordando en cada edición un tema de interese para as e os profesionais do social.

Nesta primeira convocatoria, o tema escollido foron os convenios no ámbito da intervención social, sendo as entidades convidadas as principais responsables da súa negociación: os sindicatos e as patronais. Os obxectivos específicos foron: coñecer a situación na que nos atopamos en Galicia en relación aos convenios no ámbito do social, os existentes e as iniciativas que se están a desenvolver; definir o papel que xogamos os distintos axentes, entre eles, os colexios profesionais; e artellar propostas para avanzar cara un convenio galego en intervención social.

A xuntanza celebrouse o día 16-10-2009 na Casa das Asociacións (Santiago de Compostela), asistindo: Paulo (representante da CIG), Antonio e Juana (representantes de CCOO), M<sup>a</sup> Jesús (presidenta da sección de Intervención Social do Colexio Oficial de Psicoloxía de Galicia), Verónica (voceira do Colexio Oficial de Diplomados en Traballo Social) e, do Ceesg: M<sup>a</sup> José (presidenta), Alfonso (vicepresidente), Laura (secretaria), Sofía (voceira da área), Belén (colaboradora da área) e Pablo (colexiado). UXT desculpou a súa ausencia, e as patronais convocadas (GAEFIX e Galesed) non acudiron ao encontro.

Recoñeceuse o papel importante dos colexios nas negociacións, non como parte implicada -posto que carecemos de capacidade normativa a efecto laboral-, pero si como filtro das visións e pareceres, tanto de profesionais por conta allea, como de empresarias/os colexiadas/os, para efectuar propostas.

Como posibles pasos a dar indicáronse os seguintes:

- Definir os ámbitos funcionais do social, identificando aqueles non regulados en convenios existentes, posto que son os que están máis desprotexidos.
- Identificar patronais existentes, e se non existen motivar a súa creación, para iniciar negociacións.
- Elaborar a proposta de convenio.
- Nos convenios que xa existen, procurar o recoñecemento das distintas categorías profesionais (educador/a social, psicólogo/a e traballador/a social).

Polo de pronto, o Ceesg adquiriu o compromiso de definir os ámbitos funcionais e o número de colexiadas/os vinculados laboralmente, e enviar o documento aos sindicatos para que desenvolvan os seguintes pasos.

### Visión dun participante

Este venres tiven a oportunidade de participar no "Espazo Dialoga", un encontro organizado polas miñas compañeiras Laura e Sofía da Área de Comunicación do Colexio de Educadoras e Educadores Sociais de Galicia xunto con persoas do Colexio Oficial de Psicoloxía de Galicia e do Colexio Oficial de Diplomados en Traballo Social de Galicia. Nesta ocasión reunímonos con representantes da CIG e de CCOO aínda que tamén estaban invitados UXT e algunha das "patronais" da "intervención social" de Galicia.

Foi un encontro moi produtivo, pois traballamos sobre unha dimensión de moito interese tanto para as/os profesionais -tamén traballadoras/es- como, e non debemos esquecerlo, para as persoas que se benefician ou se poden beneficiar dos servizos que prestamos.

A existencia ou non dun convenio, ou de convenios, que regulen aspectos como salarios, horarios, ratios, estabilidade nos postos de traballo... as condicións laborais das/os que estamos a traballar nos diversos servizos dende os que prestamos atención a quenes teñen dereito como cidadás e cidadáns..., supón unha importante garantía para ambas partes e, doutra banda, axuda a establecer uns mínimos a partir dos que negociar os custos dos diversos servizos coa outra parte, case sempre implicada, que é a administración, as diferentes administracións, que están a "conveniar" para dar resposta a moitas -cada vez máis- das súas obrigas.

A falta de regulación só dá lugar á precarización dos servizos públicos. E, nun tempo de crise como no que nos atopamos, parece máis lexítimo aforrar, e como aquí o vencello é feble, as prestacións téñense que facer a prezo de saldo: soldos e condicións de miseria, alta rotación do persoal, escasa inversión en formación... E todo isto repercute nas persoas que teñen dereito a prestacións de calidade, e, en moitos casos, estamos a falar de persoas que non son quen de facer valer os seus dereitos...

E, xa desde o máis persoal, penso que estas situacións aféctannos, máis si cabe, ás/aos profesionais da Educación Social... ou non?

Alfonso Tembrás  
Vicepresidente do Ceesg

# Encontro de Benestar Profesional e Calidade de Vida Persoal das/os Profesionais da Educación Social

No encontro xuntáronse educadoras e educadores sociais de todo o estado, coa única finalidade de pasalo ben e encontrarse a gusto, a través de dous elementos que foron as guías do encontro: a auga e a música.

O encontro en si, tivo as súas críticas e controversias: polo momento no que se ofreceu, nunha ponte onde os billetes de avión saen máis caros; polo prezo, elevado para moitas/os; polo pouco apoio á hora da organización... pero levouse a cabo e non houbo ninguén alí que dixera algo malo acerca del, pois estaba todo en orde, no seu sitio, e con posibilidades de modificacións de última hora, e sen faltar nada, como se se tratase dun evento de alta escala, onde todo está onde ten que estar: pianista ao entrar, ascensores para as súas nove prantas, piscina interior e exterior, sala de festas para o baile de disfraces...

O acto de apertura auguraba uns días completos, polo programa e polas alternativas que tamén tivemos: taichi e aquagym na piscina cuberta, podendo pasar tamén polo spa.

As conversas xiraron en torno á calidade das organizacións, das profesións e da vida –no seu conxunto–, así como o uso da música como ferramenta de cambio, e a auga como elemento de unión pero tamén de discriminación e poder. Para iso, a visión ecoloxista e antropolóxica de expertos na materia que nos transmitiron o valor da auga e o poder da música.

Algo que se tivo en conta á hora de programar este encontro foi que os/as profesionais docentes non fosen educadoras/es sociais, para non privar a ningún/nha de nós da posibilidade de participar. Ben é verdade que o número foi máis ben escaso, superando a temerosa barreira das 50 persoas (seriamos unhas sesenta e algo participantes). Pero ese grupiño, xa coñecido por algúns/nhas, acadou un ambiente moi satisfactorio e cómodo, onde a primicia era coidarse cada quen e facer que os/as demais estivesen a gusto. Lográrono-lográmolos! Un hotel de luxo para esquecerse da crise e poder tumbarse á beira do mediterráneo sen máis preocupación que a de chegar á conferencia ou obradoiro sinalado, e poder almorzar no buffet libre. Polo tanto, a valoración do mesmo non pode ser outra máis que positiva e recomendable.

## Asemblea Extraordinaria do CGCEES

Pero chegou o sábado e rematouse a boa vida. Logo de que a señora alcaldesa de Palma (educadora social) clausurase este encontro, marchamos para a asemblea extraordinaria, realizada no local do Colexio de Baleares. O punto máis importante da orde do día era aprobar o Regulamento de Réxime Interno, unha vez valoradas cada unha das enmendas presentadas. Non estivemos todos os colexios representados, pero dunha maneira ou outra fixeron chegar as súas opinións e inquietanzas. O tema de diñeiros sempre é polémico e aquí non ía ser menos. A indicación desde o Ceesg era rexeitar subida de cartos con respecto ao aporte económico de cada colexio. O regulamento aprobouse. Repartíronse deberes entre colexios e revisamos o traballo feito polas vocalías. A conclusión, como en todas partes: falta compromiso e participación.

Convidámosvos a participar destas actividades que aportan coñecementos e aprendizaxes ben ricas que só se acreditan se se viven.

Sofía Riveiro Olveira  
Área de Comunicación do Ceesg